

2014

FEIRA IMAXINARIA CONTEMPORÁNEA

"ENCANTRO DE CULTURA LIBRE E CULTURA DIXITAL NA GZ "

29-30-31 AGOSTO
VALADARES. VIGO

[HTTP://FEIRA.IMAXINARIA.ORG](http://feira.imaxinaria.org)

Feira Imaxinaria é a cita anual que vén promovendo **Alg-a Asociación** no entorno do seu Laboratorio de Arte e Tecnoloxía sito en Valadares (Vigo), e este ano tamén através da Coop de Cultura Libre **Galiza Imaxinaria**. Tratamos de reunir o máis significativo no referente ao **Arte e a Cultura Libre e Dixital que facemos na Galiza**, mais fóra dela tamén, abrindo e consolidando novos vínculos con outras iniciativas, redes e colectivos nacionais e internacionais. Os últimos dous anos co-producimos Feira Imaxinaria xunto con dúas grandes redes internacionais: **Arquitecturas Colectivas 2013 e Summer of Labs 2012**.

FF *Feira Imaxinaria 2014* xorde como espazo de debate, construción e coñecemento en torno a **#Redes analóxicas e dixitais, tecnoloxías colaborativas libres e protocolos abertos** cos que imaxinar e avanzar cara a novas realidades e culturas colectivas. Baixo o concepto de feira tradicional, Feira Imaxinaria concentrará colectivos e proxectos relacionados coas **Economías Alternativas, os Sistemas de Información, as Novas Territorialidades, os Artes Interactivas e Outros Modelos de Institución**. Durante tres días a feira desenvolverase através de obradoiros-workshop, palestras, debates e presentacións, postos de venda ou informativos, instalacións e performances.

O concepto de Feira fai referencia a un **Mercado** precapitalista, ou cando menos, un mercado alleo ao capitalismo financeiro; e dicir, a un capitalismo nutrido, arestora xa principalmente, polo valor xerado polo propio capital comoa plusvalía. O propio capital convertido en mercadoría e a consecuente desvalorización do **valor de uso dos recursos**.

En Feira Imaxinaria, partimos da importancia do uso e dos protocolos de acceso a recursos como algo fundamental que constitúe incluso unha comunidade. Valor inmaterial e protocolar dos recursos materiais, en vez do seu valor especulativo e financeiro. Valor imaxinario tamén, porque as cousas remiten no seu uso, a unha serie de connotacións persoais e afectivas que as xeolocalizan en territorios máis amplos e atravesados de persoas, pobos, comunidades e historia.

Para esta edición 2014 queremos propoñervos unha interacción específica coa iniciativa emerxente do Mercado Social Galego “A Feira”, dende a dobre perspectiva de conectar a promover iniciativas que fomenten as redes de economía responsable no país, e de visibilizar a Cultura Libre que promove FI’2014, coma unha capa mais deste novo xeito de crearmos un mercado común e solidario. Así memso, durante a propia feira manexaremos unha experiencia de moeda propia analóxica baseada no Bitcoin.

Ao tempo, pretendemos que **o modelo que estamos a deseñar para esta edición da Feira Imaxinaria, favoreza interaccións vivenciais interesantísimas, através dos espazos de presentación-debate e obradoiros**, entre as iniciativas galegas de artes, territorialidades, tecnoloxías, economía social e as outras institucionalidades; xerando un marco de re-coñecemento, interacción e posta en común dos modelos que estamos a manexar entre todxs, que vaia no tempo mais aló da propia Feira, facilitando sinerxias e fornecendo as #Redes necesarias coas que artellamos esta nosa realidade colectiva.

A proposta de coordinación para a Feira Imaxinaria, queremos que sexa tamén unha experiencia colaborativa e aberta: deixando unha vía á organización consciente no tempo e no espazo entre xs participantes, durante os tres días do evento.

Dende a Coop. GZ Imaxinaria queremos aproveitar tamén esta ocasión para presentar aos colectivos e iniciativas asistentes, as ferramentas dixitais que estamos a desenvolver: ferramentas deseñadas para favorecer o traballo colaborativo e organizativo, o uso de moedas virtuais, a difusión audiovisual, e un modelo de estudos aberto xerado á través das interaccións entre espazos de todo o país.

E coma singularidade especial, **a Feira imaxinaria coincide este ano coas festas de San Campio, patrón da parroquia de Valadares, integrándose nas mesmas e instalándose os postos ao carón do campo da feira, que durante 3 días recibe orquestras e moitas outras actividades sociais e culturais.**

O **PLAZO DE INSCRIPCIÓN** FICA ABERTO PARA STANDS E ACTIVIDADES ATRAVÉS DA NOSA WEB: FEIRA.IMAXINARIA.ORG/STAND OU NO EMAIL: FEIRA@IMAXINARIA.ORG

VEN IMAXINAR A FEIRA // PARTICIPA E DIFUNDE!

Deseño FI'2014
NARRATIVAS. NODOS

